

Extracción semente para resembr													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Sementeiras													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Traslados													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Rareos													
Zonas:													
Especies:													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Limpezas e arados													
Zonas: en zonas que o precisen se farán limpezas de algas													
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D	
Outros													

Outras consideracións ⁽⁹⁾

A navalla e longueirón exclúense do plan de explotación por tratarse de recursos que requiren para a súa explotación dun plan para recursos específicos.

Cumpre lembrar á entidade que os topes son máximos e que non se poden modificar sen previa autorización da Consellería de Pesca. A baixada de topes e unha competencia da Delegación Territorial, polo que si estiman conveniente modificalo tope deben solicitalo á Delegada que dictará resolución ó respecto.

Non se poderá extraer e comercializar ameixa babosa de talla inferior a 38 mm, de acordo coa Orde de 15 de novembro de 1992, pola que se regulan os tamaños mínimos de extracción e comercialización de diversas especies de peixe, moluscos, crustáceos e equinodermos e co Regulamento(CE) 1298/2000, de 8 de xuño, polo que se modifica por quinta vez o Regulamento (CE) nº 850/1998 para a conservación dos recursos pesqueiros a través de medidas técnicas de protección dos xuvenís de organismos mariños nos que se establece que o tamaño mínimo regulamentario da ameixa babosa e de 38 mm.

A forquilla non esta contemplada como arte de marisqueo dende embarcación, segundo o establecido no artigo 118 do Decreto 424/1993.

A realización de limpezas en fins de semana non podería ser realizada polas embarcacións do plan de explotación, dado que debe respectarse o descanso semanal establecido no Decreto 419/1993, de 17 de decembro. Os traballos de semicultivo polas embarcacións do plan, so poderían realizarse de luns a venres.

En relación co apartado 7.1.a do plan no que se contempla a posibilidade de que os mariscadores sancionados con suspensión cautelar ou definitiva dos dereitos como socios da confraría ou como integrante de calquera dos colectivos de marisqueo, quedarán apartados por un período igual do plan de traballo, ou ben de xeito definitivo, en tendo en conta o seguinte:

1. Calquera privación do dereito de exércela actividade marisqueira por parte dunha confraría a través dun procedemento sancionador, que supoña a exclusión parcial ou total dun plan de explotación no que o mariscador estaba incluído, non está contemplada na

normativa que regula a explotación de moluscos nin o permiso de explotación.

2. A persoa afectada, ante unha sanción do tipo contemplado no plan, poderá recorrer á vía xudicial, xa que a tutela que exerce a administración sobre as confrarías non inclúe o réxime sancionador (artigo 3º do Decreto 261/2002, de 30 de xullo, polo que se aproban as normas reguladoras das confrarías de pescadores e as súas federacións).

No caso de que a sanción imposta pola entidade, fora recurrida ante a xurisdicción ordinaria, co cal carecería de firmeza, as persoas sancionadas pola entidade deberán ser incluídas no plan de explotación ata que recaía resolución xudicial definitiva. O obxecto desta medida é respetar os dereitos da persoa ao traballo e á asociación, que poderían verse afectados no caso de que a sanción fose finalmente anulada en vía xudicial.

Para a explotación do reló deberá seguirse o “Protocolo para a apertura do reloxo nos bancos marisqueiros”.

*
